



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO EVENTO WOMEX 2016**

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria, **28 XULL. 2016**

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro de 2015, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Martiño Noriega Sánchez, na súa condición de alcalde do Concello de Santiago de Compostela (CIF: P-1507900-G), actuando en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levaren adiante este convenio e,





EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, define no seu título I como ámbito competencial da Consellería a promoción e difusión da cultura e do patrimonio cultural. Concretamente, outórgalle á Secretaría Xeral de Cultura (no capítulo III) as competencias en materia de promoción da cultura, do patrimonio cultural e dos aspectos vinculados á protección do patrimonio cultural dos Camiños de Santiago. En particular, correspóndelle exercer as competencias e funcións que derivan da regulación contida no artigo 32 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Galicia.

Entre elas:

- a) Defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.
- b) Fomento e promoción da cultura, a contribución ao desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción da plástica, a danza, a música e as artes líricas e coreográficas.
- f) Protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivos, bibliotecas e museos de Galicia.

SEGUNDO.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de proxectos de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levados a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de proxectos culturais que permitan un maior coñecemento dela.





TERCEIRO.- Segundo o artigo 198 da Lei de Réxime Local de Galicia, A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o concello de Santiago de Compostela poderán celebrar este convenio de colaboración para a realización de proxectos culturais.

CUARTO.- Santiago de Compostela é recoñecida como cidade cunha excelencia cultural propia, dada a súa condición de patrimonio mundial, na que se dan cita millóns de peregrinos todos os anos, e posúe a declaración tamén, de capital cultural. Un lugar o que cada ano acoden millóns de persoas procedentes de todo o mundo, moitas delas tras percorrer o Camiño de Santiago. Entre o 22 e o 26 de outubro de 2014, Santiago converteuse no centro das músicas do mundo ao acoller a Feira WOMEX 2014, un feito importante para Galicia e para o sector musical. Esta feira que cumpre en 2016 a súa vixésimo segunda edición, escolle para cada encontro un novo enclave no que, durante 4 días, os participantes poden gozar de concertos, conferencias, actuacións en directo, proxeccións de documentais e concertar citas e encontros cos diferentes artistas ou discográficas que participan en cada edición e que se cifran por miles.

Co obxectivo de afianzar Santiago de Compostela como referente estable na difusión cultural e turística a través do mercado da industria das músicas do mundo, dende o Concello de Santiago promoveuse a celebración da edición 2016 do WOMEX, que terá lugar en distinos espazos da cidade entre os días 19 e 23 de outubro de 2016 .

En vista do anterior, o alcance pretendido con este evento é que o mesmo permita a visualización e difusión da capacidade e potencialidade de Santiago como referente internacional a nivel cultural e turístico e transmitir os valores e a oferta da cidade e do noso país galego aos participantes, moitos deles creadores de opinión en diferentes lugares do mundo.





QUINTO.- De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos obxectivos previstos nese plan, nos que non é posible promover a concorrencia, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é a realización do Festival WOMEX 2016 que se celebrará en Santiago de Compostela dende o día 19 ao 23 de outubro. Este evento está considerado como a maior feira mundial de música étnica e tradicional, e unha marca para identificar eventos deste tipo de músicas. WOMEX 2016 estruturará a súa programación en dúas partes. Por un lado, DayWOMEX, que abarca a feira profesional e outras actividades complementarias que se celebrarán no Museo Gaiás e no CINC da Cidade da Cultura. Ao seu amparo ofreceranse conferencias, sesións de "networking", "mentoring" ou proxeccións de cine, entre outras actividades.

Por outro, NightWOMEX, que incluírá máis de 60 "showcases" (concertos en pequeno formato) que se celebrarán en distintos espazos da cidade vella: na praza da Quintana, no Auditorio de Galicia, no Auditorio Abanca, no Teatro Principal, no Salón Teatro e na Sala Capitol.

O obxecto deste convenio executarase a través dunha encomenda de xestión coa entidade Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA), que ten a consideración de medio propio do Concello de Santiago





SEGUNDA.- O Concello de Santiago comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar ó concello de Santiago de Compostela a cantidade de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 80.000 €. O pagamento restante, 20.000 €, pagarase no momento da completa xustificación polo Concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.





O concello de Santiago de Compostela estará obrigado a xustificar ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o cumprimento da finalidade da subvención e a realización da actividade, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se detalla a continuación:

- a) Certificación expedida polo secretario do concello co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:

1.- O cumprimento da finalidade da subvención.

2.- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe. (Anexo II convenio).
- c) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011 de medidas fiscais e administrativas).

Para que a consellería poida realizar o libramento, o concello deberá achegar xunto coa xustificación unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III convenio).

A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade é o 30 de novembro de 2016. Segundo o establecido no artigo 4 do decreto 193/2011, é necesario que o concello de Santiago de Compostela cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

A execución deste convenio poderá ser subcontratada na totalidade do seu importe, para o que se estará no establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autoriza a celebración da subcontratación antedita ata o 100% do seu importe sempre que se cumpran as restantes obrigas recollidas no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados, non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

CUARTA.- O Concello de Santiago deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Anexo I do convenio.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co





establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

QUINTA.- O concello de Santiago de Compostela comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes. Así mesmo, o Concello de Santiago acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA- O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2016

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González



O alcalde do Concello de Santiago de Compostela

Martíño Noriega Sánchez